

Cuba hoxe: novos desafíos

Luiz Bernardo Pericás

Moito se ten especulado sobre o futuro político e económico de Cuba. É importante, así, resaltar algúns aspectos do que está a ocorrer na actualidade na illa. Algúns críticos teñen afirmado que está en curso un proceso de desmantelamento do sistema socialista. Cuba, para estes comentaristas, estaría case irreversiblemente camiño do capitalismo. Ou sexa, o modelo “socialista” cubano, aínda que imperfecto, tería os seus días contados. Unha casta dirixente, de burócratas do Partido Comunista de Cuba (PCC), nun sistema vertical de toma de decisións e pouco democrático, estaría decidindo pola súa conta destruír boa parte das conquistas da revolución. Na visión deses críticos, por tanto, o VI Congreso do PCC, realizado en abril de 2011, serviría só para ratificar as decisións da “dirección”.

Moitos cren que, na práctica, a sucesión de supostos “equivocos” do goberno revolucionario viría desde os anos 1960, coa excesiva proximidade e dependencia da Unión Soviética; sindicatos demasiado atrelados ao goberno, funcionando só como correas de transmisión dos ditames do PCC; o afastamento de varias directrices económicas preconizadas por Ernesto Che Guevara durante o debate económico (no que participaron tamén figuras importantes, como Charles Bettelheim, Alberto Mora, Carlos Rafael Rodríguez e Ernest Mandel, entre outros); a falta de pluripartidismo; o apoio á invasión da URSS á Checoslovaquia en 1968; unha prensa única, “oficial”, que nunca favoreceu o embate de ideas diverxentes, mesmo entre distintas tendencias marxistas; as medidas do período especial; o estímulo ao turismo como peza central para o influxo de divisas no país; ben como a creación do Peso Convertible Cubano (CUC) e, consecuentemente, a “dolarización” (e despois, o adianto do euro) de boa parte da economía cubana.

A lista pode ir lonxe. Non é pouco común ler artigos afirmando que os “burócratas” do PCC e das Forzas Armadas (é bo recordar que a partir de 1998 foi introducido o sistema de perfeccionamento empresarial polos militares, que se ten mostrado exitoso en aproximadamente 900 empresas nos últimos dez anos) queren emprender unha transformación capitalista “controlada” na illa, deixando nas súas mans os sectores máis dinámicos e privatizando o resto, prohibindo calquera manifestación democrática nas rúas, e producindo unha forma específica de “capitalismo con ditadura burocrática”.

A dinámica dos cambios

Na verdade, tanto a dereita como sectores da esquerda teiman en ver os problemas do sistema cubano; insisten en apuntar erros, en acusar. En xeral, boa parte